

OS OLLOS DE K, de Antón Riveiro Coello (crítica de Evaristo Gallego Vilas)
Marzo 6th, 2008

Dedicada a C. Yus, “mestre total”

O TÍTULO

Quén é K?

É Josef K, o personaxe do Proceso de Kafka, ao que xulgan sen saber o porqué. Nesta obra o personaxe que conta os feitos é o escritor Suso Paradela que se ve superado polos mesmos feitos que supostamente está contando e que son irrealis pero que se mesturan coa realidade devorando ao propio escritor que establece un paralelismo co personaxe de Kafka.

Os ollos?

Son o fio condutor da novela. Cada personaxe relevante está relacionado cuns ollos dalgunha forma (aparecen dentro de tarros de cristal con cloroformo) e representan obxectos inmateriais que fan de vehículo entre distintos feitos e situacións dando un aire extraño á obra.

A novela caracterízase por ser sorpresiva e impactante. É de ritmo moi áxil e de fácil lectura, cambiante tanto no aspecto formal coma nas situacións que conta. Para algún lector pode ser algo “dura” e no seu interior conta varias historias que de seguro non deixarán indiferente ao que decida lela.

É complicado separar o tempo real do tempo ficticio xa que as situacións que se ofrecen preséntaas un escritor que parece participar realmente dos feitos que se contan cando os feitos son algo ilusorio que sae da súa mente de escritor pero que tamén se constata posteriormente na realidade pero doutro xeito.

Con todo isto, realidade e ficción desbordan ao relator e aos personaxes e fan que os lectores entren nunha especie de engado no que fican atrapados e non son capaces de saír até remataren a novela.

A historia está concibida coma un círculo pechado no que coexisten outros círculos menores que son as varias e distintas historias que se contan e que están ganduxadas de xeito maxistral. Varias delas poden parecer crúas e descarnadas pero o que fan é manter unha extraordinaria tensión no lector, que non desaparece ao longo de toda a narración.

A modo de exemplo podemos mencionar a historia dunha muller rumana chamada Alina que asasina un home porque posúe os ollos transplantados do seu fillo que morrera nun accidente de moto. Tamén a historia de amor que xorde entre o escritor Suso Paradela e unha camareira cubana (María) que escapara da ditadura de Castro. Outra historia podería ser a dunha muller que escapou de Ceaucescu, andou por toda Europa actuando con bonecos articulados, onde conseguiu moita fama e cando pousou nela o parkinson rematou por suicidarse e aforcouse nunha ponte por non poder actuar.

A historia que acubilla todo isto representa a un escritor creando a súa novela que pretende baseala en feitos que lle contan uns personaxes que son á vez relatores e personaxes da novela.

Esta trama pasa por varios asesinatos nos que aos mortos se lle extraen os ollos e que están presentes na narración gardados en botes de cristal cloroformizado. O certo é que esto dalle un certo matiz moi impactante e algo sinistro.

A gran novidade que presenta esta obra é o personaxe de Dimitri Lupescu que fala dúas veces ao principio da narración co escritor Suso Paradela e desencadea todos os feitos que xiran en torno a el pero non volve a aparecer na narración. Está sempre presente na súa ausencia deliberada e ademais é o motor de todo. É un asasino de ficción que morre asasinado por unha policía que non o é.

A parte do relato de intrigas, mortes, e persecucións o tema máis importante que trata e que sobresaí de todos os demais é a crítica que se fai do feito literario en toda a súa extensión (creador, editor, lector, etc.) e que aparece como un personaxe activo na novela favorecendo o negando acontecementos que suceden.

Críticase a vaidade e o egocentrismo exacerbado que teñen os creadores cando Suso reconece que é un covarde para dirixirse ás mulleres e confía todo na descuberta que elas fagan da súa persoa como escritor o que fará que mude a opinión das mulleres cara a el chegando a conquistalas polo mero feito de ser escritor.

Críticase tamén a publicación a custo do que sexa cando o escritor ten que recortar o nome dun personaxe (Ern por Ernesto) porque senon excede o límite de caracteres que ten marcado por contrato.

Igualmente aparece a crítica cando ten que escribir o que sexa porque contraeu unha obriga contractual aínda que estea sen ideas e o relato vaia a ter calidade ou non.

Tamén é noxenta a actitude de Suso Paradela encirrando a dúas persoas para poder obter deles mellores ideas para a súa novela. Incluso pensa que o editor pode estar detrás das mortes para que lle suxiran vieiros creadores para a obra.

Outro tanto sucede coa idea da inspiración que xorde por momentos sen ningún tipo de criterio pero que non xorde cando se obriga por contrato.

Todas estas ideas sobre o feito literario aparecen expostas na novela e crean o personaxe do literato como alguén de gran sagacidade no plano intelectual pero de total pasividade diante da vida real na que é un mero espectador dos acontecementos.

Considero esta obra magnífica, como unha proposta moi innovadora e engaiolante, moi atractiva e moi recomendábel que non deben perderse os lectores malia a súa crueza en certos momentos.